

Fanse públicos os finalistas do concurso de redacción en galego da Coca-Cola

Novo éxito literario dunha alumna do Maruxa Mallo

Aroa Sánchez de 2ºA está entre os seis finalistas da área de Santiago



Os nosos representantes o día da proba en Compostela

O próximo día 6 de xuño ás 18:00 horas –o 6 do 6 ás 6– farase público o nome da persoa vencedora absoluta galega durante un acto que se celebrará na Cidade da Cultura. A área de Santiago preséntase con catro candidaturas da capital autonómica, unha de Lalín e a nosa de Ordes. Por segundo ano consecutivo unha alumna do noso centro chega a esta fase na que o ano pasado nos representou Noelia Cernadas de 3ºA. As restantes áreas que optan ao premio absoluto son A Coruña, Ferrol, Lugo, Vigo e a macroárea de Pontevedra-Ourense.

Os 36 candidatos que se reunirán no Gaiás irán acompañados por dous familiares e por dous representantes do claustro. Aroa acudirá ao solemne acto de aclamación cos seus pais, co seu

profesor de Lingua Galega e Literatura e co xefe dese departamento didáctico.

Tras máis de dous meses de espera toca aínda agardar outro máis. A proba realizouse simultaneamente en toda Galicia o pasado venres 21 de marzo. Na nosa área tivo lugar no clásico Instituto Xelmírez, centro fundado na Praza de Mazarelos, hoxe Facultade de Filosofía, e que logo pasou polo Edificio Administrativo de San Caetano, sede do actual goberno galego.

Os participantes deste ano tiveron que improvisar un relato de ficción a partir dunha fotografía, que servía de pretexto, e que representaba unha fonte no medio dunha paisaxe natural de bosque atlántico que lembraba un ambiente bucólico e de fadas.

Nas fotografías que se conservan daquel día baixo a pancarta que proclamaba a defensa do ensino público non se sabe se os participantes soben ou baixan as escaleiras: Martín Juiz del Río, Claudia Núñez Rama, Nerea Fariña Barrio, Sara Carro Rey, Sorraylla Ramos Gonzaga e Aroa Sánchez Fernández.

Esta é xa a sexta edición do premio en lingua galega no que a grande multinacional de refrescos ensaia a aclimatación do clásico concurso en castelán ao que no século pasado puideron presentarse algúns membros do claustro do IES Plurilingüe Maruxa Mallo.

Agora só nos resta desexar que os fados lle sexan propicios a Aroa o próximo día 6 do 6 ás 6, a pesar das supersticións que poidan espertar eses números.